SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

31.- APROBACIÓN CELEBRACIÓN PROGRAMA ENTROIDO 2024

Vista a proposta conxunta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, e do Concelleiro Delegado de Festexos, Francisco Suárez-Puerta Colomer, relativa á aprobación da celebración do programa do Entroido 2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a celebración do programa do Entroido 2024.



32.- SOLICITUDE CAMBIO PERCORRIDO ANDAINA SOLIDARIA – Colegio Galaxia

Visto o escrito presentado por María Eugenia Garrido Iglesias en representación do **Colegio Galaxia**, de data 30/01/2024 (Rexistro de entrada nº 2.417), no que solicita o cambio de percorrido da Andaina Solidaria a favor da Asociación Art for Dent, autorizada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 11/01/2024, debido ás obras que se están a realizar na Praza do Concello, polo que desexan cambiar a saída e chegada á Praza de España.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** o cambio da saída e chegada da Andaina Solidaria a favor da Asociación Art for Dent, que se celebrará o 17/03/2024, á Praza de España (Ribeira)
- Dar traslado deste acordo á Policía Local, para o seu coñecemento

33.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DE JAIMA PARA CELEBRACIÓN ACTO MANS UNIDAS – María José Roca González

Visto o escrito presentado por **María José Roca González**, de data 02/02/2024 (Rexistro de entrada nº 2.790) no que solicita a cesión de uso dunha jaima para dar visibilidade á celebración do acto de lectura do manifesto de Mans Unidas, o día 09/02/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a cesión de uso dunha jaima para dar visibilidade á celebración do acto de lectura do manifesto de Mans Unidas, o día 09/02/2024, que deberá instalarse no atrio da igrexa de Ribeira.
- Dar traslado á Policía Local para o seu coñecemento.

34.- PARTICIPACIÓN NA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL 2024

Vista a proposta presentada por **Antía Alberte Maneiro, Concelleira Delegada de Cultura**, de data 02/0/2024, na que solicita a participación na programación da Rede Cultural para o ano 2024 da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 22 do 30 de xaneiro de 2024), e que se transcribe:

“Antía Alberte Maneiro, Concelleira delegada de Cultura do Concello de Ribeira,

EXPOÑO:

Co obxecto de contribuír á difusión e á promoción da lingua, da música, o folclore, o teatro, a danza, o cine e demais manifestacións artísticas e culturais na provincia á Deputación Provincial da Coruña ven de publicar no Boletín Oficial da Provincia nº 22 de data 30/01/2024 as bases reguladoras e a convocatoria para a participación na programación da Rede Cultural para o ano 2024, establecendo o prazo de inscrición de espectáculos dende o día seguinte á publicación da convocatoria ata o 16 de febreiro de 2024 ás 14:00h así como o prazo de solicitude de actuacións, do 3 de abril ás 00:00h ao 17 de abril de 2024 ás 14.00h.

Esta convocatoria contén catro programas de difusión cultural:



- **ESCENA AO VIVO**
Programa de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, maxia, danza e música.
- **VISIÓNS**
Programa de cinema e contidos audiovisuais.
- **ALICERCE**
Programa de grupos de música, danza e teatro non profesionais.
- **LINGUA A ESCENA**
Programa de espectáculo profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega.

O Concello de Ribeira ten interese en inscribir ao Grupo Municipal de Teatro de Ribeira e á Coral Polifónica Municipal de Ribeira para a súa participación baixo as condicións deste programa, tendo en conta o importe dos cachés que se fixan segundo o criterio de número de integrantes por grupo e as demais condicións recollidas no apartado 3.1-Inscripción de propostas artísticas no programa ALICERCE, que regula o procedemento para a inscrición de espectáculos non profesionais na Rede Cultural.

E por outra banda, o Concello de Ribeira tamén ten interese por participar nesta programación da Rede Cultural mediante a solicitude e contratación de espectáculos dos distintos programas que se contemplan. Así pois, de conformidade cos apartados 1.2.-Contratación de espectáculos, 2.2.-Contratación de propostas audiovisuais, 3.2.- Contratación de espectáculos non profesionais e 4.2.-Contratación de espectáculos de lingua o escena, o Concello de Ribeira podería solicitar no apartado de Escena ao Vivo un mínimo de 6 actuacións, no apartado Visións un máximo de 10 proxeccións das que un mínimo do 50% deben ser produción propia galega, no apartado Alicerce un máximo de 5 funcións e no apartado Lingua á escena un mínimo de 4 espectáculos. Ademais a participación nesta programación conleva o cumprimento das obrigas establecidas nos apartados 1.3.- Escena ao vivo, 2.3-Visións, 3.3 Alicerce e 4.3 Lingua a escena.

As porcentaxes de cofinanciamento entre a Deputación e os Concellos, establecido no apartado 5.2 é para Concellos de 20.001-50.000 habitantes do 60% Concello e 40% Deputación. Por outra banda, as asignacións económicas máximas por tipoloxía de Concellos tal e como establece o apartado 5.3-Adxudicación das programacións é do límite máximo de achega orzamentaria da Deputación de 26.000,00 euros.

De acordo co apartado 5.4.- Xustificación e pagamento establécese para os Concellos o seguinte:

- a) Os concellos aboaranlle a totalidade do importe da función a cada un dos grupos que lle fose concedido.
- b) A Deputación aboaralle aos concellos o importe da porcentaxe (base 5.2) de cada unha das funcións, que deberán ser xustificadas de xeito individualizado na plataforma informática habilitada pola Deputación para este efectos.
- c) Para o cobramento de cada unha das funcións, os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

- * Copia do contrato suscrito entre o Concello e o grupo ou empresa ou, se for o caso, copia compulsada da correspondente resolución da Alcaldía, en virtude do disposto nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- * Certificación ou informe no que se acredite a realización da función concedida.
- * No caso de actuacións profesionais, certificación ou informe da comprobación das altas na Seguridade Social das e dos artistas participantes na función concedida.

d) Logo de que a Deputación aboe a función, o Concello remitiralle á Deputación, no prazo de dous meses, certificado de ter realizado o pagamento e, no caso de non facelo, iniciárase o correspondente expediente de reintegro polo cantidade aboada indebidamente.

A vista de todo o exposto nesta proposta, SOLICÍTASE á Xunta de Goberno Local:

- Acordo para participar no programa Rede Cultural 2024 da Deputación Provincial da Coruña:



- a) Inscripción dos espectáculos do Grupo Municipal de Teatro e Coral Polifónica Municipal de Ribeira (ata o 16/2/2024).
- b) Solicitud de espectáculos dos apartados contemplados nas bases reguladoras (dende ó 3 ao 17/4/2024)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación á participación na programación da Rede Cultural para o ano 2024 da Deputación Provincial da Coruña:

- a) Inscripción dos espectáculos do Grupo Municipal de Teatro e Coral Polifónica Municipal (ata o 16/02/2024).
- b) Solicitar espectáculos dos apartados contemplados nas bases reguladoras deste programa provincial (dende o 3 ao 17/04/2024).

35.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE SINAL DE PROHIBIDO APARCAR – Christian Río Bouzón

Visto o escrito presentado por **Christian Río Bouzón**, de data 01/02/2024 (Rexistro de entrada nº 2.610), no que solicita a instalación dun sinal de prohibido aparcar na entrada ao Outeiro (Carreira), debido ás difultades ocasionadas para entral con vehículo na súa vivenda.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 02/02/2024, e no que sinala:

"Que realizada inspección ocular y conversación mantenida con el solicitante en el lugar, indicar que la vía que nos ocupa es estrecha, de dos direcciones e insuficiente para el paso de dos vehículos, al estacionar un vehículo en la entrada crea un obstaculo dificultando el paso los demás. Significar que no existe ningún inconveniente en cuanto a Trafico y Seguridad Vial para el pintado de línea amarilla en la intersección, de esta manera los usuarios de la vía dispondrán de mayor visibilidad y facilidad para la entrada y salida de la calle."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda ao pintado de liña amarela na intersección, de tal xeito que os usuarios da vía dispoñan de maior visibilidade e facilidade para a entrada/saída da rúa, según o contido do citado informe policial.

36.- SOLICITUDE INSTALACIÓN PANEIS INFORMATIVOS ANDAINA SOLIDARIA – Asociación Galega da Enfermidade de Dent

Visto o escrito presentado por María del Mar Castela Fraga en representación de **Asociación Galega da Enfermidade de Dent**, de data 02/02/2024 (rexistro de entrada nº 2.835), no que solicita autorización para a instalación de tres paneis informativos na Praza de España, os días 10 ao 24/03/2024, co motivo da celebración da Andaina Solidaria "Un Raio de Luz", que se celebrará o día 17/03/2024; asímesmo solicita unha acometida monofásica para dotar de enerxía a un equipo de música para amenizar o evento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- Autorizar a instalación de tres paneis informativos na Praza de España, os días 10 ao 24/03/2024, co motivo da celebración da Andaina Solidaria “Un Raio de Luz”.
- Autorizar unha acometida monofásica para dotar de enerxía a un equipo de música para amenizar o evento que se celebrará o día 17/03/2024.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

37.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – José Eduardo Dos Santos De Fátima (Scalextric e Trampolín)

Vistos os escritos presentados por **José Eduardo Dos Santos De Fátima**, de data 05/02/2024 (Rexistros de entrada nº 2.943 e 2.946), nos que solicita autorización para a instalación de dúas atraccións de feira (Scalextric (1 m. x 1 m.) e Trampolín (1 m. x 1 m.)), os días 8 ao 18/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación de dúas atraccións de feira (Scalextric (1 m. x 1 m.) e Trampolín (1 m. x 1 m.)), os días 8 ao 18/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.
- **Antes da súa instalación deberá acreditar documentalmente as dimensións exactas da atracción de feira nas oficinas municipais.**
- Deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

38.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – José Eduardo Dos Santos De Fátima (Air Game)

Visto o escrito presentado por **José Eduardo Dos Santos De Fátima**, de data 05/02/2024 (Registro de entrada nº 2.943), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Air Game (1 m. x 1 m.)), os días 8 ao 18/02/2024, na Avenida do Malecón (Ribeira) (“Diante da Pastelería Fina”), co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Informar a José Eduardo Dos Santos De Fátima** que deberá solicitar autorización para a instalación dunha atracción de feira (Air Game (1 m. x 1 m.)), os días 8 ao 18/02/2024, na Avenida do Malecón (Ribeira) (“Diante da Pastelería Fina”), co motivo da celebración do Entroido, á entidade **PORTOS DE GALICIA**, ao ser a entidade titular do espazo solicitado.
- **Como alternativa, autorizar a José Eduardo Dos Santos De Fátima** para a instalación dunha atracción de feira (Air Game (1 m. x 1 m.)), os días 8 ao 18/02/2024, co motivo da celebración do Entroido, **na Praza de España**, e que deberá comunicar con antelación suficiente á Policía Local.



- **Antes da súa instalación deberá acreditar documentalmente as dimensións exactas da atracción de feira nas oficinas municipais.**
- **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a **ubicación exacta** da citada atracción de feira.**
- Deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

39.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Andrea Machado Machado (Pista infantil de coches)

Visto o escrito presentado por **Andrea Machado Machado**, de data 05/02/2024 (Registro de entrada nº 2.938), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Pista infantil de coches), os días 8 ao 18/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha atracción de feira (Pista infantil de coches), os días 8 ao 18/02/2024, na Praza de España (Ribeira), co motivo da celebración do Entroido.
- **Antes da súa instalación deberá acreditar documentalmente as dimensións exactas da atracción de feira nas oficinas municipais.**
- Deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

40.- SOLICITUDES USO TEMPORAL DE CENTROS MUNICIPAIS DE CULTURA E INCHABLES

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, **Antía Alberte Maneiro**, de data 05/02/2024, relativa á autorización de uso temporal de centros municipais de cultura e inchables solicitadas por varias asociacións co motivo da celebración do Entroido, e no que sinala:

“Antía Alberte Maneiro, Concelleira delegada de Cultura do Concello de Ribeira

EXPOÑO

Temos o desexo de apoiar a iniciativa do tecido asociativo na organización dos programas culturais, que abertos á cidadanía, carecen de ánimo de lucro.

Nesta ocasión é con motivo da celebración do Entroido, foron recibidos diferentes peticións para dispor de espazos municipais e outros recursos co obxecto de levar a cabo unha xornada lúdica de carnaval.

As peticións presentadas pertencen a:



ANPA Colexio Heroínas de Sálvora
Esther Sancho Patiño

Aula M. Música de Aguiño
Día 9/2/2024 ás 17.00h (15.30 a 21.00h)

AA VV de Carreira
María Ventura Sampedro Rego

Casa da Cultura de Carreira
10/2/2024 (10-14h / 16-21h)

Asociación Cultural Alecrín
M^a Dolores López Vázquez

Aula M. Música de Aguiño
10/2/2024
Obradoiros de baile con música Dj

A.P.A. CEIP O Grupo
Unai González Suárez

Dous Inchables municipais
09/02/2024 ás 17.00h (17.00 a 20.00h)

Valoradas cada unha das solicitudes anteditas e revisado a axenda de reservas das intalacións así como dos inchables, **infórmase favorablemente** podendo facer uso temporal de cada un dos centros municipais sinalados e dos inchables, para o que se establece o **cumprimento das seguintes medidas**:

1. As condicións de uso e desenvolvemento de cada actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade de cada instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
- 3.- Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
- 4.- En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
- 5.- As actividades que son obxecto deste informe deberán ser abertas, gratuítas e carecer de ánimo de lucro.
- 6.- Na difusión e publicidade do acto deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.
- 7.- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor (SGAE), adornos e outros).
- 8.- Respetar o aforo da instalación.
- 9.- Declaración de Responsabilidade a entregar asinada e antes da data de celebración da actividade obxecto da solicitude, a través da sede electrónica deste concello, ou ao enderezo electrónico do departamento de cultura: culturaefestexos@ribeira.gal. (Achégase modelo).
- 10.- Para o uso dos inchables será necesario que na Declaración de Responsabilidade identifique ao Responsable Técnico da montaxe así como o persoal que atenderá os inchables durante o seu uso (serán monitorado cualificado de tempo libre). Ademais na Póliza de Responsabilidade Civil deberá constar expresamente a cobertura dos riscos que puderan derivarse do uso desta estrutura.

Por isto, Propoño á Xunta de Goberno Local acordo para

- 1- Autorizar o uso temporal dos centros municipais de cultura e inchables solicitados polos interesados anteditos, no calendario e horarios indicados.
- 2- Notificar este acordo a cada solicitante e requirir a Declaración de Responsabilidade previa á data da celebración do evento.
- 3- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento."



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- 1- **Autorizar** o uso temporal dos centros municipais de cultura e inchables solicitados polos interesados anteditos, no calendario e horarios indicados.
- 2- Notificar este acordo a cada solicitante e requerir a Declaración de Responsilidade previa á data da celebración do evento.
- 3- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

ENTIDADE ORGANIZADORA	
Nome e apelidos (representante)	Teléfono
Email:	
INSTALACIÓN (identificar o centro municipal de uso):	

1.- A entidade que represento dispón en vigor do seguro de responsabilidade civil conforme aos capitais mínimos da póliza establecidos na disposición transitoria terceira da lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

O dito seguro, así como o recibo de pago correspondente, poderásemse exixir antes ou durante o transcurso da actividade.

2.- BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

3.- DATA DE CELEBRACIÓN DA ACTIVIDADE: _____

4.- USO DE INCHABLES:

a) Nome e apelidos do técnico responsable da súa montaxe:

b) Marcar cun X o compromiso de dispor de monitorado cualificado para atender a celebración e uso dos inchables: ☐

POR TODO ISTO DECLARO RESPONSABLEMENTE

1. Que son certos todos os datos que se recollen neste documento.
2. Que me comprometo a deixar a instalación /inchables nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse
3. Que cumpo con todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade descrita, dispoñendo da documentación que o acredita, e que porá a disposición do Concello se así se lle require.
- 4.- Que as actividades obxecto desta declaración son abertas, gratuítas e carecer de ánimo de lucro.
- 5.- A cumprir e respetar o aforo de uso desta instalación e ou inchable.



6.-Entregar copia da publicidade do acto na que se incluíra o logo identificativo do Concello de Ribeira.

Para uso de Inchables:

7 - Responsable Técnico da montaxe _____

Declaro que os inchables serán atendidos por monitorado cualificado de tempo libre.

A Póliza de Responsabilidade Civil recolle a cobertura dos riscos que pudesan derivarse do uso desta estrutura. Número de Póliza _____

E para que así conste, asino a presente declaración.

.....,dede 2024.

Asdo.....

41.- SOLICITUDE DE REPOSICIÓN DE RESERVA DE ESPAZO PARA ESTACIONAMIENTO EXPRESS – Carmen González Martínez

Visto o escrito presentado por Carmen González Martínez en representación do establecemento “Os Nenos”, de data 29/01/2024 (Registro de entrada nº 2.297), no que solicita a reposición da sinal informativa de estacionamento express na Rúa Cristóbal Colón (Ribeira), por necesidade de probas de chasis de carriños de beés ou cadeiras de retención infantil.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 06/02/2024, no que sinala:

“Que en fecha 9/01/2024 se contesta la solicitud de D. Javier Ordoñez Vicente, para la retirada de una señal informativa de estacionamiento Express, sin rango de ley para poder denunciar que no se ajustaba a la Ordenanza de Circulación en cuanto al tiempo máximo permitido de estacionamiento de 10 minutos, siendo 15 minutos por la Ordenanza de Circulación,

INDICAR:

- *Se realiza una comprobación partiendo del porcentaje de vehículos que estacionaban en la reserva Express para posibles clientes del establecimiento “Os Nenos”, artículos para bebés, el resultado fue que una alta mayoría estaban realizando otras actividades o gestiones que para nada necesitaban tener el vehículo próximo más allá de la mera comodidad.*
- *En conversación mantenida con la madre de la solicitante, delante del establecimiento, se le informa que la reposición de la señal no garantiza que todos los visitantes sean clientes o posibles compradores de sus productos, más bien fomentaba que estacionen vehículos por pura comodidad.*

Si bien se le indica de que si por necesidad de trasladar un vehículo para realizar pruebas de Chasis de carritos de bebés, o sillas de retención infantil, o la compra de los mismos, no existe ningún problema, previa comunicación a la Policía Local como así ocurre en otros establecimientos de las calles peatonales.

Por todo lo expuesto no sería conveniente la reposición de dicha señal Express, ya que para acceder a la zona se estaría infringiendo la señal de entrada prohibida R-101”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Denegar** a solicitude de reposición de reserva de espazo de estacionamento express na Rúa Cristóbal Colón (Ribeira), xa que para acceder á zona se estaría infrinxindo a sinal de entrada prohibida R-101, según o sinalado no citado informe policial.
- **Informar** á solicitante que si por necesidade de trasladar un vehículo para realizar probas de chasis de carriños de bebés, ou cadeiras de retención infantil, ou la compra dos mesmos, no existe ningún problema, previa comunicación á Policía Local, como así ocorre noutros establecementos das rúas peonís.

42.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO E NORMAS DE XESTIÓN: “Encontro das Persoas Maiores 2024”

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 17/01/2024, no que se solicita a aprobación de prezo público para a realización da actividade “Encontro das Persoas Maiores 2024”, o día 25/02/2024.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/02/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1. Aprobación do seguinte prezo público:

Encontro das persoas maiores 2024	PREZO PÚBLICO (25,08%)	ACHEGA DO CONCELLO
	16,00 €	47,80 €

- 2.- O inicio do expediente de contratación segundo a memoria xustificativa da idoneidade do contrato.

Total gastos 55.506,00 €

Publicar un anuncio que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias de Servizos Sociais Comunitarios.

O anuncio deberá ser exposto desde o día de seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

O procedemento de pago será o seguinte: as persoas usuarias retirarán as entradas previo pago nas dependencias de Atención cidadá tesourería do Concello de Ribeira e deberán acreditar a residencia no Concello de Ribeira co seu DNI.

43.- SOLICITUDE INSTALACIÓN MESA INFORMATIVA – Emilio Carreira Campelle

Visto o escrito presentado por **Emilio Carreira Campelle**, de data 06/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.086), no que solicita autorización para a instalación dunha mesa informativa sobre temas de familia, saúde e espiritualidade, os días 27/02/2024, 30/03/2024 e



27/04/2024, na Avenida do Malecón, nº 55, á altura do Parque García Bayón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha mesa informativa sobre temas de familia, saúde e espiritualidade, os días 27/02/2024, 30/03/2024 e 27/04/2024, na Avenida do Malecón, nº 55, á altura do Parque García Bayón (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

44.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS – GALP 2024

VISTA a proposta presentada polo **Alcalde**, Luis A. Pérez Barral, de data 06/02/2024, relativa á convocatoria de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A). Consellería do Mar, Xunta de Galicia (DOG nº 22, de data 31/01/2024).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acolleuse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento de “Proxectos de desenvolvemento local participativo dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e de Acuicultura 2021-2027”.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Administración competente a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a remitir na data correspondente a xustificación da realización dos proxectos e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

45.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE USO DO NOVO AUDITORIO MUNICIPAL PARA FINS ELECTORAIS – María José Sampedro González

Visto o escrito presentado por **María José Sampedro González**, de data 01/02/2024 (Rexistro de entrada nº 2.639), no que solicita autorización de uso do salón principal do novo Auditorio Municipal para a realización dun mitin o día 11 de febreiro, entre as 17:00 h. e as 22:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Inadmitir a solicitude** presentada por María José Sampedro González de autorización de uso do salón principal do novo Auditorio Municipal para a



realización dun mitin o día 11 de febreiro, entre as 17:00 h. e as 22:00 h., por mor a que se trata dun inmoible municipal que non aparece na relación de locais oficiais e lugares públicos reservado para a realización gratuíta de actos de campaña electoral (Publicada no BOP nº8, do 10 de xaneiro de 2024).

- **Informar** que as solicitudes destas características deberán dirixirse á Xunta Electoral de Zona de Noia, que é o órgano competente para resolvelas durante os procesos electorais.
- Asímesmo, se lle **informa** que as instalacións do novo Auditorio Municipal todavía **non están dispoñibles ao público**.

46.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CESIÓN DE USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE SIRVES – José Manuel Martínez Suárez

Vistos os escritos presentados por **José Manuel Martínez Suárez**, de datas 19/01/2024 e 06/02/2024 (Rexistros de entrada nº 1.610 e 3.028), nos que solicita a cesión de uso do Polideportivo Municipal de Sirves (Olveira), o sábado día 10/02/2024, de 17:00 h. a 00:00 h., co motivo da celebración dun festival de Entroido solidario, organizado pola Asociación Cultural as Dunas e a Comunidade de Montes de Olveira, con entrada gratuíta e no que solicitarán donativos aos asistentes en forma de alimentos para donalos a Cáritas de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a a cesión de uso do Polideportivo Municipal de Sirves (Olveira), o sábado día 10/02/2024, de 17:00 h. a 00:00 h., co motivo da celebración dun festival de Entroido solidario.
- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Deportes e á Policía Local para o seu coñecemento

47.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Felipe Fernández Carracedo (PENÍN)

VISTO o escrito presentado por **Felipe Fernández Carracedo**, en representación do establecemento “Gastrocervercería Penín”, de data 07/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.292), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Gastrocervercería Penín” (Ribeira), o día 09/02/2024, en horario de 20:00h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a Felipe Fernández Carracedo, para evento musical no establecemento hostaleiro “Gastrocervercería Penín” (Ribeira), o día 09/02/2024, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:



5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)”

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Gastrocervercería Penín” (Ribeira) (**Felipe Fernández Carracedo**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”



- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:35 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

